

Pregón da Semana Santa de Viveiro 2009

Antonio Rodríguez Basanta

Viveiro, 4 de abril de 2009



IMAGEN DURANTE EL TRANSCURSO DEL PREGÓN DE 2009 – FOTOGRAFÍA: FOTO PRIETO

Sr. Presidente da Xunta de Confrarías de

Viveiro.

Representantes e membros da Orde Terceira Franciscana, Confrarías e Irmandades da Semana Santa.

Rvdo. Sr. Cura Párroco Santiago-San Francisco e Arcebispo de Viveiro.

Rvdo. Sr. Cura Párroco de Santa María del Campo.

Sacerdotes e relixiosas aquí presentes.

Membros e director da Coral Polifónica “Alborada”.

Exmo. Sr. Alcalde de Viveiro e membros da Corporación, Autoridades, amigos e amigas todos.

Un ano máis a cidade de Viveiro, as súas comunidades parroquiais e relixiosas, as confrarías e irmandades a través da Xunta de Confrarías, convócanos para a celebración da Semana Santa. Agradezo sinceramente a invitación que se me fixo para ser o pregoeiro deste ano. Un xesto xeneroso pola vosa parte co que me sinto moi honrado.

Os lazos que me unen a Viveiro non son só pola proximidade xeográfica do lugar do meu nacemento. Aquí en Viveiro conto con moitas persoas que me estimulan coa súa amizade e me arroupan co seu agarimo. Non en vano foron cinco anos de presencia e actividade pastoral na Parroquia de Santiago-San Francisco; e non menos en vano a relación que manteño cos párrocos e os sacerdotes amigos da zona, xunto coas comunidades relixiosas. Sempre acudín gustoso a calquera charla, predicación, clase de teoloxía, celebración litúrxica ou retiro espiritual que se me pediu. Todo isto, xunto coa miña colaboración ocasional no semanario do “Heraldo de Viveiro” e a revista “Pregón”, contribuí a que esos lazos perduren ata hoxe.

Tamén recoñezo, coa mesma sinceridade, que para ser un bo pregoeiro da Semana Santa de Viveiro hai que iniciarse case desde neno. A un advenedizo cóstalle más, diríamos ca un “nativo”, entrar na idiosincrasia deste pobo, no ambiente tradicional e celebrativo destes días, con todo o que conleva de preparativos e posta a punta da Semana Santa.

Por outra parte non me sinto capacitado para facer unha descripción autorizada das orixes e evolución histórica da Semana Santa de Viveiro, nin tampouco para describir con detalle desde o punto de vista histórico e artístico cada un dos pasos e imaxes que van percorrer as súas rúas. Deixoo aos cronistas, historiadores e peritos que xa demostraron sobradamente en distintas publicacións o seu saber sobre o tema.

Só son un pregoeiro e aquí estou para anunciar o que moitos de vós xa coñecedes: que a Semana Santa desete ano, en sintonía co tempo de Coresma, foi precedida por un amplo e rico programa de preparación: desde o concurso de carteis, as conferencias de don Carlos Nuevo Cal, Cronista Oficial de Viveiro, monseñor Carrasco Rouco, Bispo de Lugo, don Segundo Pérez López, Director do Instituto Teológico Compostelano, monseñor Sánchez Monge, Bispo da nosa Diocese de Mondoñedo-Ferrol, pasando por concertos, recitais, audiovisuais, un foro de xoves, ata a presentación da Semana Santa de Viveiro na Coruña, xunto coa tradicional novena da Virxe das Dores da Orden Terceira Franciscana. Todo un programa para salientar a importancia e o valor relixioso e histórico da nosa Semana Santa.

Tantos e tan esmerados preparativos constitúen, xa por si mesmos, o mellor pregón da Semana Santa. Non obstante permítanme que me faga as seguintes preguntas: para o que?, con o que fin?... Só para manter viva unha tradición que ven de moi atrás e que honra certamente a esta cidade de Viveiro? Só para facer da Semana Santa un atractivo turístico de masas? Só para promover un patrimonio relixioso e cultural, recoñecido e ponderado máis alá das nosas fronteiras?... Si, efectivamente, pero non só isto. A Semana Santa é moito máis.

A Semana Santa, ben entendida e vivida, sexa aquí en Viveiro ou en calquera cidade, pobo ou aldea onde haxa unha comunidade cristiá reunida para celebrar súa fe, é ante todo a “conmemoración litúrxica da Paixón, Morte e Resurrección do Señor”:

Commemorar é, en primeiro lugar, *evocar e actualizar* algo do pasado. E o noso pasado, non só no ámbito da fe, tamén da arte e a cultura nas súas expresións más variadas, arrinca dunha longa tradición que nos ven a través da Igrexa. Un pasado que foi e segue sendo hoxe un acontecemento: o “misterio da vida, paixón, morte e resurrección de Xesucristo”. Non se trata de evocar ou



ACTUACIÓN DE LA CORAL POLIFÓNICA ALBORADA CERRANDO EL ACTO DEL PREGÓN – FOTOGRAFÍA: FOTO PRIETO

actualizar un evento histórico. Tratase dun “misterio”, e un misterio dun Deus-Amor manifestado en Cristo Xesús, que é capaz de cambiar a vida daqueles que o acollen na súa propia vida.

Conmemorar é tamén *celebrar e participar*. Non somos espectadores nin a Semana Santa se pode quedar nun mero espectáculo. A nosa fe cristiá pide ser celebrada e participada. E o primeiro ámbito de celebración é a liturxia que vai ter lugar estes días nas nosas comunidades parroquiais. En cada comunidade e en cada igrexa, invítasenos cada ano a participar nos “misterios” más importantes e decisivos da nosa fe cristiá.

Conmemorar, por último, é *representar e manifestar*. Hoxe en día achácasenos aos cristiáns que vivimos unha fe “vergonzante”, que nos dá reparo dicir e manifestarnos como crentes e cristiáns. Como se isto da fe vivida cunha mínima coherencia evanxélica estivese xa superado nunha sociedade moderna, tecnificada, libre e autónoma. A fe ben entendida e vivida, é dicir, desde o evanxeo, é un don e unha gracia que nos aporta o que ningún nin nada neste mundo nin nesta vida nos pode aportar: un “plus” -diríamos- de sentido definitivo e de esperanza certa. E isto non o podemos gardar nin calar. Necesitamos dicilo, anuncialo e compartirlo. A vida cotiá, a relación e a convivencia cos demás, a nosa forma de ser e actuar, as nosas celebracións e procesións son a ocasión que temos para dicir o que somos e cremos: somos cristiáns e cremos en Xesucrito, morto e resucitado. El é o noso único Señor e Salvador, e el é quem sostén e dá sentido a todo o que somos e facemos.

Con Xesús imos vivir e experimentar nestes días os momentos máis cruciais e decisivos da súa vida. Con el que entra triunfante en Xerusalén; que nos dá o seu Corpo e o seu Sangue -é dicir, a súa persoa e a súa vida-; que lava os pés aos seus discípulos como expresión dun servizo levado ata o extremo; que como todo ser humano vive a angustia ante a morte que se aveciña; que fiel á súa misión se entrega por amor a nós “ata a morte e morte de cruz”; e que resucita e vive para sempre porque deus Pai estaba con él e non podía abandonar ao seu Fillo benquerido.

O DOMINGO DE RAMOS é o pórtico da Semana Santa. Xesús entra na cidade santa de Xerusalén. Moitos dos que o acompañan esperan del un acto de poder que acabe con tantos anos de dor e opresión. Pero Xesús monta nun asno, o animal do traballo cotidiano, porque o seu camiño non é o do poder senón o do servicio e a entrega ata o extremo da morte. O Domingo de Ramos é o día das dúas caras: a cara entusiasta e gozosa da ben-

dición e procesión con ramos e palmas, cando aclamamos a Cristo como Fillo de Deus e Señor; e a cara apenada e dramática, cando se proclama a lectura da Paixón.

Esta mañá as rúas de Viveiro van ser invadidas por unha manifestación inxente de persoas. Xa cedo a bendición e procesión dos ramos, coa celebración da Eucaristía na residencia Betania e as Concepcionistas, e, un pouco despois, na praza e parroquia de Santa María, que é o acto, diríamos, oficial. Xa preto do mediodía, os mesmos actos en Valdeflores e na igrexa parroquial de San Francisco coa procesión da “Borriquiña”: unha procesión concorrida, popular, variopinta e espontánea, que alegra a mañá deste domingo.

Á tarde, coa procesión do Ecce Homo, a Coroación de Espiñas, a Virxe da Soidade e o Cristo da “Vera Cruz”, adentramonos xa no misterio da Paixón do Señor, acompañados pola Orde Terceira de San Francisco, venerable pola súa secular fidelidade a esta tradición penitencial, e organizada pola Jufra: son as xoves promesas do franciscanismo viveirense nacida no comezo dos anos setenta.

O Luns Santo ten lugar a “tamborrada”, sinal madrugadora para anunciar que toda a cidade está convocada a vivir intensamente o misterio da Paixón do Señor. Á noite, xa no acougo do solpor, estamos invitados a un concerto de música sacra en San Francisco da Coral Polifónica “Alborada” e a Orquestra Sinfónica de Xove.

O Martes Santo sae o Vía Crucis de mulleres, organizado pola Irmandade da Santa Cruz; e o Mércores Santo, o dos homes, organizado pola Parroquia de Santiago-San Francisco e a Irmandade das Sete Palabras. Cada Vía Crucis, coa identidade que lle é propria, manifesta esa piedade popular tan arraigada nos homes e mulleres de Viveiro.

O XOVES SANTO: o Triduo Pascual comeza coa misa vespertina da Cea do Señor. Celebrase o que Xesús viviu tan intensamente na cea de despedida cos seus discípulos. Unha cea de despedida, a “última” (a “derradeira”), na que a Igrexa revive a Cea do Señor, subliñando dous acentos: un sacramental, que é a Cea, a Eucaristía celebrada; e outro testemuñal, o lavatorio dos pés, oficio de escravos, a Eucaristía vivida.

O Xoves Santo é o día do amor e da solidariedade. Xesús entregase na Eucaristía para quedar con nós. É o “día do amor fraternal”. A comuñón con Cristo e a comuñón cos irmáns son inseparables: é a mesma comuñón. Quen comulga con Cristo está chamado a comulgar tamén co irmán, especialmente con aquel que máis o necesita.

Esta é a tarde da institución da Eucaristía e do Sacerdocio. As Concepcionistas de Santa María, a Residencia Betania, a Igrexa parroquial de Santiago-San Francisco, a Igrexa parroquial Santa María do Campo e as Dominicas de Valdeflores convértense en outros tantos “cenáculos” nos que o Señor quere quedar con nós como Pan de Vida partido e compartido, para que nós sexamos tamén para o demás pan de vida compartida e repartida. É un “misterio” de amor, tenrura e cercanía para celebrar, adorar e contemplar.

Á tardiña, da man dos segrelas franciscanos, organizase o paso grandioso da Cea, a Oración do Horto, a Flaxelación, o Ecce Homo e a Dolorosa, escenas que van plasmando polas rúas os momentos dramáticos do comezo da Paixón do Señor. Toda esta secuencia ven a ser completada co “sermón das negacións de Pedro” en Santa María.

Xa ben entrada a noite, ten lugar a procesión do Prendemento a cargo da Irmandade do mesmo nome e coa colaboración da Confraría de “O Nazareno dos de Fóra”. A medianoite, coa Adoración Nocturna nas Concepcionistas conclúe o Xoves Santo: nestas horas dramáticas do Señor, el espéranos no Horto das Oliveiras para compartir soedades e, como dí o evanxeo noutro momento, para “estar con él”.

O VENRES SANTO centrarse no “misterio da cruz”. A cruz como madeiro foi instrumento de suplicio e de morte, pero coma árbore é símbolo de vida (“endexamais o bosque deu mellor tributo en folla, en flor e en froito”, dí o texto litúrxico). Tamén é expresión de dor, de humillación, de amor, de victoria e de salvación. Isto fai que o Venres Santo sexa para a maioría dos fieis un día sagrado e profundamente respectado.

A cruz é o lado amargo da vida de todos nós: tamén o foi de Xesús. A celebración deste día lévanos a descubrir as cruces nas que hoxe están crucificados os nosos irmáns: a lista interminable dos enfermos, os disminuídos psíquicos e físicos, os excluídos, os que están sós na vida, os que non teñen traballo nin medios para vivir, os famentos e os sen teito, os explotados, os que son víctimas da violencia e da guerra, os emigrantes, os marginados, os drogadictos, etc. Que menos que, como o Cireneo, fagamos algo máis do que facemos para aliviar o peso das súas cruces.

Para Viveiro e a súa comarca, o Venres Santo é un día intensivo. Xa ás primeiras horas da mañá temos unha das citas más concorridas da Semana Santa: a representación do “Encontro”. É unha ocasión para, de algunha

maneira, identificarnos con Xesús, o Nazareno, no seu camiño do Calvario, acompañados da súa Nai, a Virxe Dolorosa, Xoán evanxelista e a Verónica. A Orde Terceira Franciscana cóidao como a ouro en pano, e non é para menos. Hai unha grande expectación por parte dunha multitud madrugadora de persoas para presenciar o “Encontro”. Esta mañá na Praza Maior de Viveiro hai de todo: crentes practicantes, practicantes ocasionais, indiferentes, alonxados e ata mesmo algún agnóstico. É unha das poucas oportunidades que temos como Igrexa para un anuncio explícito do evanxeo ou unha catequese oportuna que habemos de cuidar con esmero. Pode ser para máis dunha chamada e unha interpelación á súa fe, seguramente adormecida ou esquecida. Creo que a mensaxe neste momento ha ser clara, directa, respetuosa e actual.

Cara o mediodía, na Igrexa de San Francisco e organizada pola Irmandade das Sete Palabras, ten lugar a predicación ou o “sermón” das mesmas. É unha meditación serena, cargada de sentimento e piedade, acompañada pola Coral Polifónica “Alborada”, que nos sitúa no Calvario, ao pé da Cruz do Señor.

E á tarde, os oficios do Venres Santo. As Concepcionistas, a Residencia Betania, Valdeflores, San Francisco e Santa María, coa proclamación da Paixón e a adoración da Cruz, transfórmanse no escenario litúrxico que conmemora a Paixón e Morte do Señor.

Vai ser unha tarde case agotadora. Despois dos oficios ten lugar o Descendemento ou “desencravo” e a procesión moi devota do Santo Enterro, que sae da Igrexa de Santa María coas imaxes da Magdalena, San Xoán e o Cristo Xacente. Está organizada pola antiquísima Confraría do Rosario, que xunto ás Dominicas de Valdeflores e a Orde Seglar Dominicana, constitúen a presencia viva e permanente do carisma de Santo Domingo en Viveiro.

E xa entrada a noite sae de San Francisco a Procesión da Paixón organizada pola Confraría do Santísimo Cristo da Piedade. Procesión solemne, vistosa e moi participada por todas as Irmandades e Confrarías, integrándose nela un nutrido grupo de xente nova co paso do Ecce Homo da Misericordia, obxecto de grande devoción para a xente de Viveiro e os mariñeiros de Celeiro.

A media noite somos convidados ao recollemento. A Orde Terceira Franciscana invítanos a acompañar á Virxe Dolorosa na súa Soedade. Na Igrexa de San Francisco escoitaremos o “sermón” que nos ambienta para a procesión dos “Caladiños”. É a procesión más respectuosa

e devota de todas. Impresiona o silencio dunha multitude de que quere acompañar a María, que se rompe ao final co canto da Salve popular.

No **SÁBADO SANTO**, despois dunha mañá de tranquilo e sosegado acompañamento á Virxe da Soledade, ao anoitecer ten lugar nos cinco templos da cidade a celebración litúrxica de solemne Vixilia Pascual. É a culminación da Semana e a celebración más importante do ano. Non tería sentido unha Semana Santa que acabase nun Venres Santo, cun Cristo permanentemente colgado da cruz ou sepultado para sempre. Os cristiáns cremos e seguimos ao Resucitado. A aquel que vencendo a morte vive para sempre. Do contrario non sería Deus.

Por iso a noite do Sábado Santo é noite de espera, de expectación ante o tránsito do mundo vello ao mundo novo, da escravitude á liberdade, da morte á vida. Nesta noite os fieis, tal como nos di o evanxeo (cf. Lc 12, 35ss) teríamos que semellarnos aos criados que, coas súas lámpadas acesas, esperan o retorno do seu Señor.

Os crentes celebramos que a morte foi definitivamente vencida, que a dor quedou atrás e por iso camiñamos na esperanza. Nesta noite grande de festa, uníndonos a toda a Igrexa, cantaremos o aleluia da resurrección. Non só resucita Xesús, O Señor. Tamén nós resucitamos con él. Por iso quen participa con fe nesta celebración convertece necesariamente na súa testemuña e mensaxeiro.

O **DOMINGO DE PASCUA** remata a “semana grande” de Viveiro. Hai dúas procesións moi significativas: a procesión tradicional do “Encontro da Resurrección” organizada pola Confraría do Rosario de Santa María: un encontro de Cristo sacramentado coa súa Nai. Se o “Encontro” do Venres Santo está sustentado pola palabra do predicador, o do Domingo de Pascua o está pola presencia real de Cristo resucitado na Eucaristía.

Á tarde, en San Francisco, o “Vía Lucis” e a procesión, unha iniciativa que de poucos anos para acó organizada a Irmandade da Sete Palabras. Saen os pasos da imaxe de Cristo resucitado e a nosa Señora da Luz.

Benqueridos amigos, para rematar este Pregón quixería compartir con vós, a modo de flash, algunas das mensaxes que nos transmitiu ou noso Bispo na súa recente Carta Pastoral ás Confrarías e Irmandades de Semana Santa¹, e que vale a pena ler e reflexionar con calma, e que considero de especial interese para Viveiro:

“Na sociedade actual a Semana Santa secularizouse (...) É necesario, pois, recuperar a Semana Santa en toda a súa verdade”.

“As Confrarías sodes parte integrante da Diocese e das parroquias onde estas están ubicadas”.

“Hai que evitar un culto separado da fe (...) O culto cristián vai unido á vida, non pode quedar nun formalismo relixioso”.

Que neste ano Xubilar de San Paulo (estamos a celebrar os dous mil anos do seu nacemento) teñamos moi presente o que nos deixou dito nunha das súas cartas, para vivilo especialmente nestes días: *“así como Cristo foi resucitado de entre os mortos pola gloria do Pai, así tamén nós camiñemos nunha vida nova”* (Rom. 6, 4).

Que as confrarías e irmadades da Semana Santa de Viveiro non esquezades as vosas orixes marcada polo espírito austero e penitencial, asistencial e caritativo, sobre todo nestes momentos de penuria e necesidade para tantas persoas e familias afectadas gravemente pola crise económica.

Que o que manifestamos nas nosas rúas e prazas corresponda ao que celebramos na liturxia das nosas igrexas. E que o que celebramos nas igrexas se manifeste tamén nas nosas vidas.

Finalmente, que a Virxe María, *“Raiña e Nai garimosa, vida, dozura e esperanza nosa”*, como cantamos na Salve, e a quen acompañamos no camiño da súa dor nestes días, nos axude a vivir a Semana Santa con piedade sincera, con coherencia cristiá e con auténtico espírito de penitencia e caridade.

Feliz, devota e proveitosa Semana Santa, amigos. Graciñas pola vosa escolta.

¹ Manuel Sánchez Monge, *Las Cofradías y Hermandades penitenciales en el tercer milenio*, Boletín Oficial do Bispado de Mondoñedo-Ferrol, 25 de febrero de 2009.



ECCE HOMO DE LOS FRANCESES (S. XV) - V.O.T. – FOTOGRAFÍA: JUAN FEAL